

ACTA**PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 18/2021****SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 22 DE DECEMBRO DE 2021****ORDE DO DÍA**

ÚNICO.- Aprobación da proposta de convenio de prórroga para a vixencia e funcionamento do Consorcio Casco Vello de Vigo ata 31.12.2025. Expte. 1142/17. (Rexistro Pleno 3202/1101).

ASISTENTES**POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

Caballero Álvarez Abél Ramón
 Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores
 Caride Estévez María José
 Espinosa Mangana Elena
 Estévez Rodríguez Pablo Luis
 Fernández Pérez José Manuel
 Gómez Díaz Gorka
 Iglesias González Ana Laura
 Lago Barreiro María del Carmen
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín
 Mejías Sacaluga Ana Maria
 Rodríguez Calviño Patricia
 Rodríguez Díaz Santos Héctor
 Rodríguez Rodríguez Nuria
 Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa
 González Castillo Jesús Marco
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Pardo Espiñeira Francisco Javier, concelleiro do grupo municipal Socialista.
 Rivas González Ángel, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e tres minutos do día vinte e dous de decembro do ano dous mil vinteun, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 1 de 8
3257-1101	CSV: AAFAE-3FC149-BAB92D-FS JL6T-DLMAQ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Municipal Adxunta, dona Olga Gómez Corbal.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

ÚNICO. (235).- APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO DE PRÓRROGA PARA A VIXENCIA E FUNCIONAMENTO DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO ATA 31.12.2025. EXPTE. 1142/17. (REXISTRO PLENO 3202/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 16 de decembro de 2021, o secretario xeral do Pleno emite a seguinte proposta,

“Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
LRXSP. Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
LALGA. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Antecedentes.

I. O Consorcio Casco Vello de Vigo (C.C.V.V.), a través da aplicación informática “Xestión de Expedientes”, remitiu a esta Secretaría xeral en data 26.11.2021 Certificación do acordo adoptado polo seu Consello de Administración na sesión do 24.06.2020 no que se propón ás Administracións consorciadas (IGVS e Concello de Vigo) a sinatura dun Convenio coa finalidade de prorrogar a vixencia do C.C.V.V. ata o 31.12.2025 e para que a tal fin os seus órganos competentes adopten os acordos que estimen procedentes.

II. En data 30.11.2021 a Intervención emite informe favorable de fiscalización no que fai constar a necesidade de mencionar a aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto correspondente á achega financeira do Concello de Vigo e a rectificación dalgún erro material (Estipulación Segunda).

III. En data de hoxe o C.C.V.V. remite un novo texto de Convenio intruducindo modificacións gramaticais e de estilo nos Expoñendos do Convenio e outras modificacións, non substanciais nas estipulacións Primeira, Segunda e Terceira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 2 de 8
3257-1101	CSV: AAFAE-3FC149-BAB92D-FS JL6T-DLMAQ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV. Á vista dos antecedentes expostos, considerando que o artigo 122.5.e) 2º da LBRL advirte do informe preceptivo do secretario xeral do Pleno nos asuntos para os que se esixa unha maioría especial; cumprimentando o precepto e modificando a proposta desta Secretaría de data 29.11.2021 emítase o seguinte,

INFORME

I. O artigo 6 dos Estatutos do C.C.V.V. sinala que o ente público local terá unha vixencia de seis anos a contar dende o día seguinte á publicación dos seus Estatutos no Diario Oficial de Galicia e que tal vixencia poderá prorrogarse previo Convenio dos entes consorciados, Concello de Vigo e Xunta de Galicia (IGVS).

Os Estatutos publicáronse en data do 16.03.2005, polo que, en principio, a súa disolución tñíase que ter producido en data de 16.03.2011.

En sesión de data 24.02.2011 o Consello de Administración acordou a prórroga do C.C.V.V. ata a data de 31.12.2011; posteriores modificacións teñen establecido o día 31.12.2021 como data de extinción do Consorcio.

II. As denominadas “organizacións supramunicipais” non son de exclusivo carácter territorial (Áreas Metropolitanas ou Mancomunidades) tamén poden ter un carácter asociativo con outros entes públicos para acadar obxectivos e fins comúns, caso dos Consorcios. É mais, o artigo 2 da LALGA concibe a os Consorcios, Áreas Metropolitanas e Mancomunidades, a todos eles, nun mesmo plano, como entes locais non territoriais.

III. No caso do Concello de Vigo o acordo de aprobación do Convenio debe adoptarse, conforme o sinalado no artigo 123.1.f) da LBRL, polo Pleno mediante o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, artigo 123.2 do mesmo texto legal, pois do que se trata é de prorrogar a existencia do Consorcio ata o 31.12.2025 e, en consecuencia, a participación do Concello de Vigo en tal organización ou ente local determinando a súa achega ata esa data.

Sen prexuízo de modificar o precepto legal que se refire á competencia do alcalde para a sinatura do convenio, artigo 124.1 da LBRL, o Convenio remitido adecúase ao ordenamento xurídico, en concreto o sinalado no artigo 49 da LRXSP polo que, logo do informe de fiscalización da Intervención xeral no que se refire ás achegas municipais, non existe inconveniente legal para a súa aprobación; a tal efecto fórmulase a seguinte....”

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. Que a Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión extraordinaria do 17 de decembro de 2021, ditaminou favorablemente dita proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 3 de 8
3257-1101	CSV: AAFAE-3FC149-BAB92D-FSJL6T-DLMAQ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN. Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Convenio de colaboración transcrito no *Anexo* a este acordo remitido polo Consorcio Casco Vello de Vigo a subscribir entre o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) que ten como fin prorrogar o prazo de vixencia do Consorcio Casco Vello ata a data do 30.12.2025 determinado as achegas das Administracións consorciadas ata esa data.

A aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto correspondente á achega financeira do Concello de Vigo correspóndese coa aplicación 1510.7670000

SEGUNDO. Dar traslado deste acordo á Xerencia do Consorcio Casco Vello de Vigo os efectos que correspondan.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO POLO QUE SE PRORROGA A VIXENCIA DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO.

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude das atribucións que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 181, do 7 de setembro) e na súa condición de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, o Concello de Vigo, representado polo seu Alcalde-Presidente, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, con competencias para asinar este convenio, segundo o disposto no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente documento e, para o efecto,

EXPOÑEN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 4 de 8
3257-1101	CSV: AAFAE-3FC149-BAB92D-FS JL6T-DLMAQ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro. Que o IGVS é o organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribir os correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1 e) da súa lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana, como a realización de obras de infraestruturas e de dotación de servizos.

Segundo. Con data 3 de febreiro de 2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o "Conorcio Casco Vello de Vigo".

O Consello de Administración do Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa sesión do 28 de novembro de 2006, acordou por unanimidade a separación do Consorcio da Zona Franca de Vigo, feito que se acordou pola Comisión liquidadora, nomeada para o efecto, na súa sesión do 17 de xullo de 2007. Posteriormente, acordouse que o Consorcio do Casco Vello de Vigo estivera participado nun 90% polo IGVS e o 10% restante polo Concello de Vigo.

Terceiro. O 7 de decembro de 2011 asinouse un convenio ente o IGVS e o Concello de Vigo mediante o cal se modificou o artigo 4.3 dos Estatutos do Consorcio de Casco Vello de Vigo.

Cuarto. O 16 de decembro de 2011 asinouse un novo convenio en virtude do cal se prolongou a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2012.

Quinto. O 29 de xuño de 2012 asinouse un convenio no que se acordou prorrogar a vixencia do Consorcio ata o 30 de decembro de 2012.

Sexto. O 17 de outubro de 2012 asinouse un convenio no que se acordou modificar os estatutos do Consorcio e prorrogar a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2017.

Sétimo. O 26 de decembro de 2017 asinouse un novo convenio, no cal prorrogouse a vixencia do Consorcio ata o 31 de decembro de 2021.

Oitavo.- O 9 de decembro de 2019 asinouse un convenio, fixando as achegas dos entes consorciados para os exercicios 2020 e 2021 do seguinte xeito:

	2020	2021
IGVS	400.000,00 €	400.000,00 €
Concello de Vigo	44.444,00 €	44.444,00 €



Novena.- O artigo 6 dos Estatutos sinala que o que o Consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017, podéndose prorrogar a súa vixencia, dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución, por transcurso do prazo legal de existencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinarase o período de prórroga e os efectos acordados para esta.

Á vista do disposto no artigo citado, do feito de que a prórroga acordada no convenio asinado o 26 de decembro de 2017 está próxima a expirar e de que as administracións integrantes do Consorcio do Casco Vello de Vigo coinciden na súa vontade de que a devandita entidade continúe desenvolvendo a súa actividade ao longo dos próximos anos, as partes acordan formalizar o presente convenio, con suxeición ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto prorrogar a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo ata o 31 de decembro de 2025.

Segundo. Réxime orzamentario

Para o financiamento das actividades do Consorcio durante o período 2022 a 2025, as partes comprométense a realizar as seguintes achegas:

	2022	2023	2024	2025
IGVS	400.000,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €
Concello de Vigo	44.444,00 €	44.444,00 €	44.444,00 €	44.444,00 €

Terceiro. Réxime xurídico

Ao presente convenio seralle de aplicación o disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a lexislación básica en materia de réxime local, así como a regulación dos consorcios prevista Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que puidesen xurdir en aplicación do presente convenio.

Cuarto. Causas de Resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a termo o obxecto do mesmo, agás causa debidamente xustificada.
- O mutuo acordo das partes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 6 de 8
3257-1101	CSV: AAAFAE-3FC149-BAB92D-FS JL6T-DLMAQ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto. Protección de datos

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na súa normativa de desenvolvemento.

En proba de conformidade, asíñase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data citados supra.”

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Consorcio Casco Vello
 Legislatura: Mandato 2019-2023
 Órgano : Pleno
 Fecha Inici: Miércoles, 22 de Diciembre de 2021 09:33:08
 Fecha Fin : Miércoles, 22 de Diciembre de 2021 09:55:12
 Duración : 00:22:04

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3146&lang=ga

- Media (MASTER)

SHA512 -
 828be516a41c8bece2eaa2caa99ae21d493d25b4d185a270ab681a03867b57ffee1bd03
 f304a8553874b5f9aaf794e5c3b6879b02d95241ba0bf027fd133fa6f

- Minutaje

00:00:00 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:10 : Aprobación da proposta de convenio de prórroga para a vixencia efuncionamento do Consorcio Casco Vello de Vigo ata 31.12.2025. Expte.1142/17. (Rexistro Pleno 3202/1101).

00:00:29 - Caride Estévez, María José

00:05:43 - Caballero Álvarez, Abel

00:05:50 - Pérez Iglesias, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 7 de 8
3257-1101	CSV: AAAFAE-3FC149-BAB92D-FS JL6T-DLMAQ7-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

00:07:50 - Caballero Álvarez, Abel
 00:07:54 - Pérez Correa, Rubén
 00:12:57 - Caballero Álvarez, Abel
 00:13:03 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:17:52 - Caballero Álvarez, Abel
 00:17:57 - Caride Estévez, María José
 00:21:01 - Caballero Álvarez, Abel
 00:22:04 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 18/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.
am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 8 de 8
3257-1101	CSV: AAAFAE-3FC149-BAB92D-FS JL6T-DLMAQ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		